

**MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 18 DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN
DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (PE-1)**

**INCORPORACIÓN AO CATÁLOGO DA PINTURA MURAL DE URBANO LUGRÍS NA RÚA DO FRANCO NUM. 56.
UNIDADE EDIFICATORIA 511224**

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

15708_MP18PE1_202312_AI

CATÁLOGO

CARPETA 05.CAT

MEMORIA

1. Antecedentes	3
2. Obxecto da modificación do catálogo.....	3
3. Xustificación e interese público da modificación.....	3
4. Descrición do elemento a catalogar.....	4
5. Imaxes do mural.....	7
6. O autor da obra	15
7. Ficha de catalogación da unidade edificatoria 511224 antes da modificación	16



Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Asinado electronicamente

1. ANTECEDENTES

O 14 de novembro de 2023 as entidades culturais *O Mural* e *Alvarelllos Editora* presentaron no Concello unha solicitude para a conservación, protección e promoción do fresco que Urbano Lugrís pintou no baixo da rúa do Franco, núm. 56 (antigo bar América).

A dita solicitude incluía unha memoria -que serviu de base para elaborar este documento- na que se poñía en contexto a obra e se xustificaba a conveniencia e necesidade da súa protección, propoñendo distintas actuacións encamiñadas á protección e visibilización do mural.

Este documento dá resposta aos aspectos de carácter urbanístico da dita solicitude, garantindo a protección legal do ben a través da súa incorporación ao catálogo de protección do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago.

2. OBXECTO DA MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO

O inmovible no que se sitúa o fresco de Lugrís está incluído no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1), que ten a condición de BIC. Este inmovible está incluído no catálogo do PE-1, codificado como unidade edificatoria 511224. Na ficha de catalogación do inmovible, este identifícase como de interese ambiental (nivel 4 de catalogación dos previstos no PE-1)

Nesta ficha relaciónanse as características determinantes do inmovible e os elementos específicos obxecto de protección individualizada. Así, figuran, por exemplo, como elementos de fachada protexidos as ventás balcaneiras e a reixería, entre outros. Non se fai mención porén, a existencia deste fresco, polo que non se inclúe entre os elementos interiores do inmovible catalogados.

A modificación do catálogo na unidade edificatoria 511224 ten por obxecto, polo tanto, incluír no catálogo a pintura mural existente no local da planta baixa, realizada por Urbano Lugrís González, condición que se considera necesaria para garantir a súa conservación e protección.

A inclusión do mural como elemento singular na ficha de catalogación do inmovible é coherente co criterio prevalente de garantir a súa protección *in situ*, reforzando a súa relación co lugar para o que foi creado.

3. XUSTIFICACIÓN E INTERESE PÚBLICO DA MODIFICACIÓN

Tal e como indican as asociacións que solicitan a protección do mural de Lugrís, as pinturas murais, máis alá dos seus aspectos pictóricos, son consideradas como elementos de interese patrimonial por seren expresión da identidade e das peculiaridades culturais dun lugar.

O ICOMOS, organismo asociado á UNESCO, emitiu un documento titulado *Principios para a preservación, conservación e restauración de pinturas murais (2003)* no que se destaca a importancia das pinturas murais xa que "...foron expresión da creación humana ao longo da historia, dende os seus máis remotas orixes. O seu deterioro, así como a súa destrución, sexa accidental ou intencionada, representa unha perda que afecta a unha parte significativa do patrimonio cultural do mundo".

No mesmo documento sinálase “As pinturas murais son unha parte integrante dos monumentos e lugares de valor patrimonial e deben ser preservadas *in situ*. Moitos dos problemas que afectan ás pinturas murais están relacionadas coas deleznables condicións que presentan os edificios ou as estruturas, o seu uso improcedente, a falta de mantemento e as frecuentes alteracións e reparacións. Tamén a práctica reiterada de restauracións, expoñer as pinturas ao descuberto de forma innecesaria e o uso de métodos e materiais inadecuados, poden producir un dano irreparable. As actuacións inapropiadas, ou as que non acadan os canons de intervención establecidos, así como a falla dunha capacitación profesional idónea, conduciron a resultados desafortunados”.

No artigo 1 do documento indícase “A realización de listaxes e inventarios de monumentos e lugares con valor patrimonial que posúan pinturas murais, aínda nos casos en que estas se atopen ocultas na actualidade, constitúe por si mesma unha medida necesaria para a protección das pinturas murais das distintas culturas e relixións. As leis e demais normas para a protección do patrimonio cultural deben prohibir a destrución, degradación ou alteración das pinturas murais, así como a da súa contorna. A lexislación non só debería prover medidas para a protección das pinturas murais, senón incidir tamén na dispoñibilidade de recursos destinados á investigación, o tratamento profesional e o control, e velar para que a sociedade poida apreciar os seus valores de carácter tanxible e intanxible”

A inclusión do mural de Lugrís na ficha de catalogación da unidade edificatoria 511224 é coherente cos obxectivos e as determinacións do PE-1 e non altera as condicións de protección establecidas polo plan para o inmovible no que se sitúa. A dita inclusión permite garantir a conservación e protección dunha pintura mural que se considera de grande interese *in situ*, o que xustifica plenamente o interese público desta modificación.


4. DESCRICIÓN DO ELEMENTO A CATALOGAR

Emprazamento. Santiago de Compostela. Rúa do Franco núm. 56

Local en planta baixa, destinado a bar (actividade similar a existente no momento de realización do mural) Parcela construída sen división horizontal. Dirección postal asociada a catastro: ruela de Entrecercas núm. 12.

Referencia catastral do inmovible: 7276825NH3477E0001WX

Situación da pintura mural no local



Características xerais

O mural ten unha proporción marcadamente horizontal cunha dimensión total de 1,30 x 7,85 m. Está formado pola xustaposición de 8 escenas verticais de dimensións variables (entre 75 e 110 cm. de base) que teñen o mar como elemento unificador, xunto co uso dunha paleta cromática cun predominio de ocre e sienas que confiren homoxeneidade ao conxunto.

O mural está na actualidade protexido cun metacrilato montado sobre unha estrutura metálica a uns centímetros da parede. Non se aprecia, na actualidade, unha situación de risco inminente que aconselle adoptar medidas cautelares previas ao procedemento de catalogación.

A obra e o seu contexto

Urbano Lugrís pintou o mural da rúa do Franco núm. 56 para o bar América en 1954, ano de inauguración do local¹, como anunciaba o xornal *El Correo Gallego*, no seu número do 21 de abril de 1954: “Se encuentra en esta ciudad el dibujante y escritor don Urbano Lugrís, quien decorará con pinturas murales el local de la “Barra America” ”

Antón Patiño destacou a obra do Franco número 56 porque «ten unha estrutura de marcada horizontalidade, moi apropiada para a profusión de elementos narrativos que aparecen en distintas secuencias. Naqueles anos xa estaba totalmente definido o universo lugrisián, polo mural van desfilando a xeito de *ars combinatoria* os seus elementos favoritos: cidades anegadas, praias desérticas con restos de naufraxios, xigantescas serpes mariñas destruíndo naves, litorais con cidades xeométricas de raigame metafísica, hieráticas gaivotas e sereas aladas, baleas e volcáns, construcións metafóricas e arquitecturas de ensoño, barcos dispostos a renovadas aventuras oceánicas e un primitivo faro fumegante que figura unha homenaxe retrospectiva á Torre de Hércules da súa cidade natal. Cada secuencia é unha viñeta portentosa do característico mundo fabulado de Lugrís² ».

Tamén Rubén Ventureira no seu estudo sobre as obras decorativas de Lugrís describe o fresco: «La obra está segmentada en ocho partes y plagada de elementos típicos de su pintura, como barcos antiguos, una serpiente de mar -como la de la tabla Serpiente de mar-, una ballena, arquitectura imposible y no podía faltar una Torre de Hércules, esta vez en su representación más primitiva, tomada de un dibujo de E. Castillo Basoa reproducido en un libro sobre el monumento de su admirado Tettamancy³ ».

Ademais a repercusión noutros eidos da cultura galega deste fresco queda acreditada polo feito de seren citada por X. L. Méndez Ferrín na súa novela *No ventre do silencio*:

En realidade, sempre a pintura de Ulysses Fingal me ten ocasionado desacougos e horror mesmo. Os frescos deste artista, naquel tempo campaban nos máis importantes bares e boîtes do país, e, mesmamente, en barcos de liñas regulares e centros oficiais. Algunha vez teño visto pasar a figura enorme de Ulysses Fingal, como un esteo, portando o loulear dun sorriso desafiante que a ninguén vivo lle estaba dedicado. Non me cabía entón dúbida de que nos interiores do cráneo do home que se cruzaba comigo fervían mundos de delicadeza e de maldade requintada. Eu sabía que non me podía demorar moito tempo na contemplación

¹ Consonte ás achegas do investigador Rubén Ventureira.

² PATIÑO, Antón. Urbano Lugrís. Viaxe ao corazón do océano. Edicións do Castro, 2007; páx. 26.

³ VENTUREIRA, Rubén. Lugrís. Paredes soñadas. Abanca, 2017; páx. 98.

daquelas pinturas murais do América pois que, sinxelamente, corría perigo de me ver arrastrada ao seu interior. Fascinio que inducía a gómito, marabillas ourilocentes e infantís que me contaban algunha vella saga interrompida polo silencio. Máis adiante, cando a miña vida se cortou naquela etapa vouga en que me desapareceron as palabras e a lingua se me fundira co padal, estando eu por completo mergullada na auga xorda, lembro vagamente que as figuras e as paisaxes de Ulysses Fingal chegaron a revivir, procedentes do pasado e do América, como únicos habitantes dos faiados do meu adentro.

[...]

Pulleiro movíase polo América mentres falaba con voz estentórea con uns e máis con outros. Eu, invisíbel, situeime de costas ao mural maldito de Ulysses Fingal que ameazaba con me engolir e que mesmo me tendía desde a parede uns tentáculos de polbo rosado.⁴

É evidente que o mural que se pretende catalogar é obra dun dos grandes creadores galegos da primeira metade do século XX, e goza dun relevante interese como unidade singular. No seu libro *Urbano Lugrís. Viaje al corazón del océano*, sinala Antón Patiño: «Urbano Lugrís pintó muchas obras para espacios públicos (...) gran parte de ellas fueron maltratadas, ocultas en sucesivas remodelaciones, cuando no directamente destrozadas, como las que tenía el salón del Hotel Pastor de Alicante (...) En Santiago de Compostela y A Coruña se conservan también algunos trabajos públicos de Lugrís, aunque a veces en pésimas condiciones, otros desaparecieron con el transcurso del tiempo. (...) también se perdió el mural realizado para el restaurante Arrumbambaya, de la madrileña calle de la Libertad (...) Tampoco se sabe nada de la suerte que corrió otro mural en Portugal del que apenas se tienen noticias (...) los murales que había hecho para el local de la Asociación Cultura Iberoamericana, fundada en A Coruña en 1950, ya no existen desde hace años».

Consérvanse aínda -en grave perigo- o conxunto muralístico da rúa Olmos, 25-27, da Coruña; parte dos frescos do bar León (hoxe chamado A Mundiña) na rúa da Estrela, da Coruña; os das salas da catequese (escola de párvulos) da igrexa de Vilaboa, en Culleredo; os da Casa do Mar de Malpica e os que fixo no Instituto da Cultura Hispánica en Madrid. Estes dous últimos están pintados sobre táboas e son bens mobles e non propiamente murais.

Tras participar na inauguración da Casa do Mar de Malpica Francisco Franco, o xefe de Estado, encargoulle a Lugrís a pintura dos frescos do iate Azor, ben de patrimonio nacional. Do destino último destas pinturas non se ten novas. Outros dos seus murais foron separados do seu lugar de orixe e agora se atopan en diferentes museos (o de Pontevedra, o de Belas Artes da Coruña e o Carlos Maside de Sada) ou en coleccións particulares.

Dos que existían na cidade de Santiago perdéronse os do hotel Compostela, os do bar Lugo e foron separados da parede os da Clínica Álvarez que agora se encontran espallados en coleccións públicas e privadas.

O mural que en 1954 realizou no bar América, da rúa do Franco de Santiago de Compostela (na actualidade o bar 100 Montaditos) é o último exemplo dos que pintou na capital de Galicia que aínda se conserva no lugar para o que foi pensado polo que engade máis valor á obra e fai máis necesaria a intervención pública para garantir a súa conservación e protección.


⁴ MENDEZ FERRÍN, X.L. No ventre do silencio. Xerais, 1999; páxs. 40-41

5. IMAXES DO MURAL

















6. O AUTOR DA OBRA

Urbano Lugrís Gonzalez (A Coruña 1908 - Vigo 1973) tamén coñecido polo pseudonimo *Ulises Fingal*, é un artista galego cuxa obra se encadra na corrente surrealista.

A bibliografía sobre Lugrís é abundante, e a ela nos remitimos. Semella pertinente, porén, pola relación coa súa actividade como muralista, reproducir a breve reseña sobre o autor que se inclúe na resolución do 21 de marzo de 2016 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa expediente para a declaración de ben de interese cultural doutro mural do autor, situado na rúa Real da Coruña, tal e como foi recollida no DOG num. 60, do 3 de marzo de 2016:

Urbano Lugrís González naceu e creceu nun ambiente familiar artístico, fillo de Manuel Lugrís Freire, membro fundador da Real Academia Galega, da que sería presidente, e do consello de redacción da Nosa Terra, e de Purificación González Varela, pianista; e sobriño de Urbano González Varela, ilustrador de La Voz de Galicia e pintor de estilo romántico.

En 1930 trasládase a Madrid, despois de abandonar os seus estudos, onde convive coa bohemia e a vangarda. Traballou nas Misións Pedagóxicas e no teatro A Barraca, e foi voluntario no exército republicano durante a Guerra Civil.

En 1954 fundou na Coruña a revista Atlántida con Mariano Tudela e José M^a de Labra, na que realizou artigos, poesía e ilustracións, mentres que traballaba por encargo. Morreu en 1973 en Vigo, onde se trasladou 10 anos antes ao morrer a súa muller Paula Vadillo.

Urbano Lugrís González destacou, entre outras facetas, polos seus murais e os seus traballos, como este, en tabernas, salas de baile ou casas de comidas. Así, a súa obra asóciase dunha forma directa, e sen intérpretes, a un público que incorporou os seus motivos e a súa expresividade ao ideario propio dunha identidade galega, bohemia, mariñeira, metafórica, lúdica, poética, nostálxica...



Na obra conviven harmonicamente a imaxinación e o recordo, o traballo minucioso e preciso do debuxo, a selección de motivos figurativos, a forza coa que se canaliza a expresión do mar, verdadeiro motivo central dun amplo panorama mediante a representación suspendida dun tempo indeterminado e permanente.

Todo este imaxinario reproducése mediante un silencio estático, como un retrato completo do seu universo, elevando os seus valores artísticos incuestionables, moi escasos en Galicia no que se refire a pinturas murais do século XX, para converter o mural nun recurso singular do patrimonio cultural de Galicia.

7. FICHA DE CATALOGACIÓN DA UNIDADE EDIFICATORIA 511224 ANTES DA MODIFICACIÓN

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FICHEIRO DE UNIDADES EDIFICATORIAS UNIDADE 511224 PLANO I-16(3) CODIGO POSAL 56 RUA DO FRANCO

IDENTIFICACIÓN  	
ANÁLISIS GRÁFICO    COPIA DO ORIXINAL aprobado definitivamente pelo Pleno da Corporación en sesión do O SECRETARIO <i>[Signature]</i> 24 MAR 1997 Audo.: Igo. Javier Castiella Izquierdo	

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS

COD. POST. 56 RUA DO FRANCO

UNIDAD 511224

CATALOGACIÓN UNITARIA

1

CLASIFICACIÓN

- ☐ 1. MONUMENTAL
- ☐ 2. SINGULAR VALOR ARQUITECTÓNICO
- ☐ 3. INTERÉS TIPOLOGICO Y ARQUITECTÓNICO
- ☒ 4. INTERÉS AMBIENTAL

AMBITO

CALIFICACIÓN ZONAL: RECINTO INTRAMUROS (R1)

ENTORNO B.I.C.:

CARACTERES DETERMINANTES

1. SISTEMA ESTRUCTURAL

VERTICAL ☐

HORIZONTAL ☐

2. ORGANIZACIÓN INTERNA

ACCESO ☒

COMUNICACIÓN VERTICAL ☒

POSICIÓN

DESARROLLO ☐

3. FACHADA

COMPOSICIÓN INTEGRAL ☐

SOPORTALES ☐

BALCONES ☐

GALERIAS ☐

NOTAS

CATALOGACIÓN DE ELEMENTOS

2

1. ELEMENTOS DE CUBIERTA

- ☐ CHIMENEAS
- ☐ BUHARDILLAS
- ☐ BUHARDILLONES
- ☐ PINACULOS
- ☐ LUCERNARIOS
- ☐ GARGOLAS
- ☐ OTROS

2. ELEMENTOS DE FACHADA

- ☐ SOPORTALES
- ☐ PATINES
- ☐ PLASTRAS
- ☐ COLUMNAS
- ☐ GALERIAS
- ☐ MIRADORES
- ☐ BALCONES
- ☐ PUERTAS
- ☐ VENTANAS
- ☒ VENTANAS BALCONERAS
- ☒ CARPINTERIA ENRABADA A FACHADA
- ☐ HERRAJES
- ☒ REJERIA
- ☐ ALERO
- ☒ CORNISAS
- ☒ IMPOSTAS
- ☒ RECERCADOS
- ☒ BASAMENTOS
- ☒ ANTEPECHOS
- ☒ CUBREBAJANTES
- ☒ LLAMADORES
- ☐ ESCAPARATES
- ☐ ROTULOS
- ☐ ESCULTURAS
- ☐ RELIEVES
- ☐ INSCRIPCIONES
- ☐ SELLOS
- ☐ ESCUDOS
- ☐ SILLERIA
- ☐ TORNALLUVIAS
- ☒ OTROS ALMOHADILLADO

3. ELEMENTOS ESTRUCTURALES

A. VERTICALES

- ☐ MUROS
- ☐ COLUMNAS/PILARES
- ☐ ARCOS
- ☐ OTROS

B. HORIZONTALES

- ☐ VIGAS
- ☐ CERCHAS
- ☐ FORJADOS
- ☐ OTROS

4. ELEMENTOS INTERIORES

- ☐ ZAGUAN
- ☐ PORTAL
- ☐ CORREDOR
- ☐ ESCALERA/PASAMANOS
- ☐ ASCENSOR
- ☐ PATIOS
- ☐ SOLANAS
- ☐ BARANDILLAS
- ☐ CAMBOTAS/LARES
- ☐ FREGADEROS
- ☐ CARPINTERIAS
- ☐ VIDRIERAS
- ☐ LUCERNARIOS
- ☐ FRESCOS
- ☐ ARTESONADOS/CIelos IRASOS
- ☐ SOLADOS
- ☐ OTROS

5. ELEMENTOS DE PARCELA

- ☐ CIERRES/VERJAS
- ☐ MUROS
- ☐ CONSTRUCCIONES AUXILIARES
- ☐ ARBOLES
- ☐ JARDINES
- ☐ HUERTOS
- ☐ OTROS

ACTUACIONES PARTICULARES

3

REESTRUCTURACIÓN ☐ REFORMADO ☒

REELABORACIÓN DE ELEMENTOS

ENVOLVENTE CUBIERTA ☐

ELEMENTOS DE FACHADA

BAJOS ☐

OTROS ☐

AMPLIACIÓN DEL EDIFICIO

ADICIÓN PLANTA ☐

AMPLIACIÓN PLANTA ☐

CORNISA ☐

